

A **Xunta de Galicia**, dende a consellería competente en materia de montes e concretamente a Subdirección con competencias en materia de montes, xestiona montes públicos e privados repartidos polo territorio galego. Consonte ao decreto no que se establece a estrutura orgánica da consellería competente en materia de montes distribúense as responsabilidades.

A presente Política, enmárcase na vontade da Xunta de Galicia de inscribir nos procedementos e tarefas habituais en materia de montes directrices de xestión sostible emitidas no ámbito forestal e, máis concretamente, de dar cumprimento aos principais estándares en materia de xestión forestal sostible (en adiante XFS). Existirán persoas coordinadoras e persoas responsables de XFS. Por defecto, a figura de persoa coordinadora de XFS dos Servizos Provinciais (SSPP) recaerá sobre os xefes/as de área con competencia en materia de xestión pública (convenios, consorcios ou contratos de xestión pública); a figura de persoa responsable de XFS nos SSPP recaerá nos xefes/as de servizo provinciais en materia de montes. A nivel de Servizos Centrais (SSCC), o xefe/a do servizo con competencia en materia de xestión pública será nomeado persoa coordinadora de XFS en SSCC, e a persoa responsable de XFS será o seu subdirector/a.

Consonte ao decreto de estrutura orgánica, actuarase de forma xeral como **Entidade Titular do Certificado**, abarcando para o caso do sistema FSC, a denominación de **Entidade de Grupo**, e no caso do sistema PEFC a denominación de, **Entidade Solicitante do Certificado Individual** no Sistema de Xestión Forestal Sostible da Xunta de Galicia, orientado á certificación da xestión forestal de superficies adscritas que cumpran cos requirimentos dispostos polos sistemas FSC® (Código FSC: GFA-FM/COC- 004211) e PEFC (Código PEFC: PEFC/14-23-00007). A Entidade Titular do Certificado, mediante a presente Política, **MANIFESTA:**



A) Que a entidade que representa comprométese formalmente a coñecer e cumprir os estándares españois de FSC a curto, medio e longo prazo, así como o sistema de certificación PEFC e as normas UNE de xestión forestal responsable.

B) Que a entidade que representa comprométese a non realizar actividades abertamente contrarias ós *Principios y Criterios de FSC*, así como ós *Criterios e Indicadores de PEFC*, noutras áreas da súa propiedade ou xestión fora do ámbito.

C) Comprométese cos valores FSC, tal e como se definen no documento FSC-POL-01-004, de acordo coa última versión vixente, declarando non estar nin directa ou indirectamente involucrados nas seguintes actividades:

- Tala ou comercio ilegal de madeira ou produtos forestais;
- Violacións de dereitos humanos, dos traballadores ou tradicionais nas operacións forestais;
- Destrucción de altos valores de conservación en operacións forestais;
- Conversión significativa de bosques en plantacións ou usos non forestais;
- Introdución de organismos xenéticamente modificados nas operacións forestais;
- Violación dalgunha das principais convencións da OIT, Tal e como de define na *Declaración dos Principios e Dereitos Fundamentais no Traballo (1998)*.

D) Asume o compromiso de implantar e manter os requisitos da cadea de custodia de acordo co establecido no estándar PEFC ST 2002:2020, realizando unha revisión periódica do funcionamento da mesma e dos requisitos da citada norma. A súa vez, comprometéndose a que tódalas persoas que puidesen verse afectadas polo Sistema de Xestión e Control da Cadea de Custodia deberán asumir as responsabilidades que se lles encomenden e cumprir coas establecidas para iso no dito sistema.

E) Comprométese a mellorar de forma continua as condicións de seguridade e saúde nos traballos forestais e a previr ou eliminar calquera tipo de discriminación laboral. Asume o compromiso de:

- Non impedir aos traballadores asociarse libremente, elixir aos seus representantes, e cumprir co dereito á negociación colectiva;

Data: 24/09/2021 Rev. 3	SXFSXU-PO: "Política pública da XFS"	Páxina 2 de 5
----------------------------	--------------------------------------	---------------



-Non facer uso do traballo forzoso, entendido como todo traballo ou servizo que se obteña dunha persoa baixo ameaza para o cal non se ofrecera de forma voluntaria ou dito traballo non se demandara como forma de pagamento dunha débeda;

-Non utilizar man de obra/traballadores por debaixo da idade mínima legal ou da idade de escolarización obrigatoria, se esta fose maior;

-Recoñecer os dereitos das traballadoras para a realización dos controis prenatais, así como outros dereitos recoñecidos por lei aos que poidan acollerse ambos proxenitores (redución da xornada, lactancia, conciliación da vida laboral e familiar, excedencia, etc.) e o dereito ás baixas por maternidade e paternidade que se axustan a lexislación vixente.

-Cumprir e promover a igualdade de xénero e previr a discriminación laboral entre homes e mulleres en materias como , prácticas de emprego, oportunidades de capacitación e trato de todos os seus traballadores, é dicir, evitar a discriminación para calquera das distincións, exclusión ou preferencia que teña o efecto de anular ou impedir a igualdade de oportunidades e trato;

-Cumprir coa lexislación referida á seguridade e saúde laboral en tódolos ámbitos da Organización;

-Aboar ou obrigar a cumprir que a prestación de un traballo de igual valor a mesma retribución, satisfeita directa ou indirectamente, e calquera que sexa a natureza da mesma, salarial ou extrasalarial, sen que poida producirse discriminación algunha por razón de sexo ou outra forma de discriminación.

-Crear ou promover mecanismos confidenciais e eficaces, coñecidos polos traballadores para denunciar e eliminar os casos de acoso sexual e de discriminación por sexo, estado civil, maternidade/paternidade ou a orientación sexual, aplicando a normativa vixente, relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións de Dereito da Unión.

-Cumprir coa lexislación e regulamentación aplicable, relacionada coa xestión forestal responsable, e en particular coa cadea de custodia, asegurando a implantación, o cumprimento e o mantemento dos requisitos da normativa PEFC ST 2002:2013, ademais do estándar FSC-STD-40-004, de acordo coas últimas versións que sexan de aplicación.

F) Comprométese a que as Unidades de Xestión Forestal (UXF), nas que a entidade é a xestora ou propietaria e a través do persoal destinado en materia de XFS, asume formalmente o compromiso de coñecer e cumprir os estándares de FSC a curto, medio e longo prazo, así como o sistema de certificación PEFC e as normas UNE de xestión forestal responsable, ademais de non realizar actividades abertamente contrarias ós *Criterios e Indicadores de PEFC*, noutras áreas da súa propiedade ou xestión fora do ámbito.

Data: 24/09/2021 Rev. 3	SXFSXU-PO: "Política pública da XFS"	Páxina 3 de 5
----------------------------	--------------------------------------	---------------



G) Comprométese a non ofrecer ou recibir subornos de ningunha clase e, no caso de identificarse, a aplicar medidas correctivas claras e contundentes.

H) Comprométese a promover a igualdade de xénero nas prácticas de emprego, ofertas de traballo, as oportunidades de capacitación, a adxudicación de contratos, os procesos para involucrar os actores sociais e as actividades de xestión.

Así mesmo, acepta as funcións, responsabilidades, recoñecementos, consentimentos, etc. recollidos no Manual do Sistema de Xestión Forestal Sostible (SXFSXU-MS). Entre as funcións e responsabilidades da **Entidade Titular do Certificado** inclúense:

-Coordinar as labores e actuacións, asumir e facer cumprir os Principios e Criterios dos estándares FSC, e os Criterios e Indicadores da norma PEFC. Na actualidade, son de aplicación en xestión forestal: o *Estándar Español de Gestión Forestal para la Certificación FSC* (FSC-STD-ESP-03-2018), aprobados polo FSC IC, e a *Norma Española UNE 162002 de Gestión Forestal Sostenible*, de febreiro de 2013, elaborada polo comité técnico AEN/CTN 162 *Gestión Forestal Sostenible* o cal desenvolve a secretaría a Asociación Española de Normalización y Certificación (AENOR).

-Realizar os actos de administración xeral da Entidade Titular do Certificado, incluídos os trámites necesarios para acadar e manter as certificacións FSC e PEFC.

-Manter un rexistro das superficies forestais (UXF) incluídas no certificado forestal do grupo, identificando, entre outros aspectos, propietario e/ou xestor, datos de contacto do persoal responsable, superficie e localización das mesmas.

-Establecer un procedemento de comunicacións ás Entidades de Certificación para a comunicación das altas e baixas das superficies certificadas. Así mesmo, entregar toda a documentación que sexa necesaria para a Entidade de Grupo, de cara a actualización das superficies incluídas no certificado de grupo.

-Implicar ás partes interesadas de forma proporcional á escala, intensidade e risco nos procesos de planificación e seguimento, procesos de resolución de conflitos, identificación dos dereitos, lugares e impactos e todo aquilo relacionado cos Altos Valores de Conservación de forma activa e transparente.

-Comprométese a realizar controis ou auditorías internas e con entidades de certificación, tanto no funcionamento xeral da Entidade Titular do Certificado, como á propia xestión das UXF. Realizándose sobre unha mostra representativa da superficie adscrita ao certificado, que permita verificar o cumprimento de aplicación dos estándares ou normas FSC e PEFC.

Data: 24/09/2021 Rev. 3	SXFSXU-PO: "Política pública da XFS"	Páxina 4 de 5
----------------------------	--------------------------------------	---------------



-Establecer un procedemento para realizar labores de seguimento e control internas, no que se considerará entre outros aspectos, a identificación das desviacións, a comunicación

aos Membros do Grupo (ou Adscritos), a necesidade de emendar en tempo e forma, e as actuacións necesarias para a corrección daquelas desviacións detectadas.

-Prestar asistencia técnica ás Entidades de Certificación durante o proceso de auditoría.

-Cumprir coas disposicións da convención CITES, incluíndo a posesión de permisos de aproveitamento e comercialización das especies incluídas nos Apéndices do convenio CITES.

-Identificar ás comunidades locais que existan dentro das Unidades de Xestión ou que sofren dalgunha forma polas actividades de xestión e se involucran de forma que protexa os seus dereitos de tenencia, dereitos de acceso e uso dos recursos forestais e servizos do ecosistema, seus dereitos consuetudinarios, e os dereitos e obrigas legais que sexan aplicables dentro das Unidades de Xestión Forestal.

-Adoptar as medidas dispostas no documento de grupo "*Referente de Xestión Forestal Sostible*" e que non foron redactadas na presente política.

Data: 24/09/2021 Rev. 3	SXFSXU-PO: "Política pública da XFS"	Páxina 5 de 5
----------------------------	--------------------------------------	---------------